

# NOIA HARP FEST

13º FESTIVAL INTERNACIONAL  
DE ARPA VILA DE NOIA

29 xullo a 1 agosto de 2026



CONCERTOS  
DO XACOBEO



Desenho gráfico: algarbarrova.com

noiaharpfest.gal



Patrocinan



XUNTA  
DE GALICIA

GALICIA  
CALIDADE



Xacobeo  
2027



CONCELLO  
DE NOIA

Colaboran



Deputación  
DA CORUÑA



AC/E  
asociación de entidades  
galegas de música



VAEDA  
Vila de Arpa e Música de  
Ente de Arpa de Vila de Noia

Organiza



nalgures



Dirección artística



## UN FESTIVAL ÚNICO NO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

Desde o ano 2013 a vila de Noia (A Coruña) acolle a celebración dun encontro musical singular e excepcional pola súa natureza no marco dos festivais de verán. É o Noia Harp Fest, o único certame de Galicia e do noroeste da Península Ibérica que ten como protagonista absoluta e indiscutible un instrumento: a arpa.

O NHF destaca pola amplitude da **diversidade musical e estilística** da súa **programación**: música antiga, folk, jazz, vangarda contemporánea ou celta soan en Noia, pois o fío condutor non é outro que a celebración da interpretación musical a través da arpa.

O evento cultural supón un punto de encontro entre profesionais de distintos países, alumnado, veciñanza e visitantes que se achegan á vila para gozar deste festival. O NHF é unha proposta única no territorio, que reúne artistas do ámbito galego, estatal e internacional, e na que **todos os concertos son de acceso libre** ata completar a capacidade dos recintos.



## 13ª NOIA HARP FEST: LIDERADO FEMININO E INNOVACIÓN

O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia celebrará a súa décimo terceira edición entre o 29 de xullo e o 1 de agosto. Serán catro xornadas de concertos dunha notable calidade artística, con catro estreos, que buscarán favorecer o encontro próximo do público co instrumento. Espazos coma a **Praza do Tapal**, edificios históricos como as igrexas de **Santa María A Nova** e **San Francisco**, o **Teatro Coliseo Noela** ou o **Liceo de Noia** volverán ser sede do certame.

As arpistas **Maeve Gilchrist**, **Siobhán Armstrong** e **Sona Jobarteh** lideran o cartel dun evento no que tamén participan **Neleta Ortiz**, **Manuel Vilas** e **Entrebesant** (dando vida aos instrumentos da arquivolta de San Martiño); e o estadounidense **Park Stickney**. Ademais, este ano festival producirá **proxectos propios** e inéditos que situarán a Noia no mapa da innovación artística: é o caso do espectáculo que crearán a arpista **Beatriz Martínez** e a artista sonora **Acacia Ojea**; ou da reinterpretación que a **Banda do NHF** fará da música da cantautora **Su Garrido Pombo** con arranxos de Rodrigo Romaní.

A programación completarase coa estrea mundial da peza gañadora do **Portus Apostoli** e co **V Encontro das Escolas e Alumnado de Arpa de Galicia**.



## PREMIO INTERNACIONAL DE COMPOSICIÓN PORTUS APOSTOLI

No ano 2022 nace o Premio Internacional de Composición Portus Apostoli, unha iniciativa promovida polo Noia Harp Fest coa intención de **ampliar o repertorio existente de pezas para arpa e orquesta**. Coa colaboración da Real Filharmonía de Galicia, o festival estreou cada verán as pezas que resultaron gañadoras no certame.

A inauguración do 13º Noia Harp Fest será coa estrea mundial de **'Alén do azul'**, creada polo compositor **Teo Montero Rey** (A Coruña, 2005) e que resultou gañadora da cuarta convocatoria, fallada en febreiro de 2026. De novo a RFG será a responsable de dar vida á partitura.

O tribunal (o compositor Fernando Buide, o director de orquesta Fernando Briones, a arpista da Sinfónica de Galicia Céline Landelle e a arpista Alba Barreiro) salientou a **escritura orquestral** de Montero Rey, “moi sólida e orgánica, con texturas interesantes e contrastes instrumentais”. “A parte de arpa é moi variada e utiliza tecnicamente moi ben o instrumento. Estruturalmente conta cunha boa narrativa musical, unha cadencia de arpa e un clímax orquestral constrúen un arco dramático final moi coherente”, apunta o xurado.



## ENCONTRO DE ESCOLAS E ALUMNADO DE ARPA DE GALICIA

Outro dos grandes momentos do 13<sup>a</sup> Noia Harp Fest será a celebración, por quinto ano consecutivo, do **Encontro de Escolas e Alumnado de Arpa de Galicia**, unha proposta que reúne, nunha xornada de aprendizaxe e convivencia, os novos valores do país.

O Encontro naceu no 2022 coa intención de **estimular o talento emerxente** ao abeiro do único festival de arpa do noroeste peninsular. Esta reunión do alumnado, chegado de distintos puntos de Galicia, permite que as e os participantes poidan conversar e coñecer de perto a grandes instrumentistas de todo o mundo que actúan no festival, ademais de gozar dun día de lecer e encontro na vila.

A cita contará cun concerto aberto ao público con actuacións grupais e individuais; e, por segundo ano, interpretárase en conxunto **unha obra dirixida por unha das figuras internacionais do cartel do festival**. Se o ano pasado o grupo presentou unha peza composta polo bretón Kevin LePennec e Rodrigo Romani, este ano o alumnado terá a oportunidade de tocar, baixo a súa batuta, unha creación da escocesa **Maeve Gilchrist**.



## A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO MEDIEVAL DE NOIA

O Noia Harp Fest vai máis alá da exhibición musical para consolidarse como un proxecto de **recuperación patrimonial único en Galicia**. Un dos fitos máis singulares desta 13ª edición será o concerto do arpista Manuel Vilas e a formación de música antiga Entrebescant, no que se empregarán en exclusiva **as réplicas dos instrumentos medievais da Arquivolta da Igrexa de San Martiño de Noia**, situada na fachada occidental que dá á Praza do Tapal.

Estas pezas son copias fidedignas reconstruídas no ano 2018 grazas a un minucioso **proxecto de investigación e luthiería promovido polo Noia Harp Fest e o Concello de Noia**. Baseándose rigorosamente na iconografía do pórtico do século XV, conseguiu-se devolver á vida o son real que concibiron os artesáns medievais, convertendo o patrimonio arquitectónico da vila en música viva e conectando directamente a súa historia co público do festival.

As e os asistentes ao concerto poderán escoitar **o son de sete instrumentos construídos polos lutieres Luís Martíns e Carlos do Viso**: dúas arpas, un rabel, unha viola de man pequena, unha viola de seis cordas e dous salterios.



## NOIA HARP FEST 2026 EN CIFRAS

10

CONCERTOS

17

SOLISTAS E AGRUPACIÓNS

7

PAÍSES E REXIÓNS

6

ESCENARIOS

4

ESTREAS EXCLUSIVAS

# 13º NOIA HARP FEST

## PROGRAMACIÓN DE CONCERTOS

### Mércores 29 de xullo

Teatro Coliseo Noela

Real Filharmonía de Galicia. Estrea de *Alén do azul* (Portus Apostoli) \*

### Xoves 30 de xullo

Liceo de Noia

V Encontro de Escolas e Alumnado de Arpa de Galicia

Teatro Coliseo Noela

Maeve Gilchrist

Beatriz Martínez e Acacia Ojea \*

### Venres 31 de xullo

Igrexa de Santa María A Nova

Siobhán Armstrong

Teatro Coliseo Noela

Banda do NHF con Su Garrido Pombo \*

Park Stickney: Gustaf, Frederick & Isabel Trio

### Sábado 1 de agosto

Igrexa de San Francisco

Manuel Vilas e Entrebescant. Concerto coas réplicas dos instrumentos medievais da arquivolta de San Martiño

Claustro de San Francisco

Neleta Ortiz \*

Praza do Tapal

Sona Jobarteh

\* inclúen estreas exclusivas do Noia Harp Fest

# 13º NOIA HARP FEST

SOLISTAS E GRUPOS CONVIDADOS



## REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia nace como un ambicioso proxecto cultural en Santiago de Compostela no ano 1996. Formada por 50 músicos de 17 nacionalidades diferentes, Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o director titular e artístico da formación.

A RFG ten un especial interese pola creación contemporánea, **apoiando a estrea de obras de novos compositores e compositoras galegas**. Tamén é habitual a súa colaboración con artistas dos máis diversos estilos musicais. Ademais, traballa por achegar a música clásica a todos os públicos. Para iso promove concertos gratuítos na rúa, nos barrios e en diferentes puntos da cidade compostelá, onde ten a súa sede.

**Comprometida coa educación musical das novas xeracións**, a orquestra forma un proxecto conxunto coa Escola de Altos Estudos Musicais, coa que colabora para ofrecer unha formación altamente especializada en práctica orquestral a novos intérpretes.

# 13º NOIA HARP FEST

SOLISTAS E GRUPOS CONVIDADOS



## ALUMNADO DAS ESCOLAS DE ARPA DE GALICIA

Por quinto ano consecutivo, Noia Harp Fest organiza o Encontro de Escolas e Alumnado de Arpa de Galicia, un evento que pretende ser unha referencia anual para quen se adentra na aprendizaxe dun instrumento universal que recolle, como ningún outro, as posibilidades de interpretación de múltiples estilos e estéticas. Nesta xornada, o festival convida ao alumnado a compartir co público noiés a complicidade de tocar xuntas e xuntos.

Nesta edición participarán 22 estudantes, de entre 8 e 18 anos, procedentes de catro centros galegos:

- Conservatorio das Artes Mayeuis (Vigo). Profesora: Alba Barreiro.
- Conservatorio de Torroso (Mos). Profesora: Laura Barreiro.
- Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela. Profesora: Bleueen Le Fric.
- Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo (ETRAD). Profesora: Beatriz Martínez.

# 13º NOIA HARP FEST

SOLISTAS E GRUPOS CONVIDADOS



## MAEVE GILCHRIST

A intérprete, compositora e cantante escocesa Maeve Gilchrist é unha das solistas máis influíntes do panorama actual, recoñecida por revolucionar a arpa de levas (arpa celta) mediante a **hibridación do folclore tradicional co jazz e a improvisación contemporánea**.

Nada en Edimburgo e formada no Berklee College of Music, o seu estilo destaca por un uso innovador do instrumento como percusión e o emprego de técnicas cromáticas avanzadas. O seu aclamado álbum 'The Harpweaver', **descrito por The New York Times como "unha sofisticada mestura de folk e jazz"**, foi cualificado pola crítica como "unha obra mestra da música de cámara moderna", integrando arranxos de corda e voz.

Actualmente reside en Brooklyn, onde lidera a nova xeración de músicos que buscan elevar a arpa de levas a contextos sinfónicos e experimentais. Ademais, Gilchrist exerce tamén como directora artística do Rockport Celtic Festival, consolidándose como unha figura punteira na xestión cultural internacional.

# 13º NOIA HARP FEST

SOLISTAS E GRUPOS CONVIDADOS



## BEATRIZ MARTÍNEZ E ACACIA OJEA

Beatriz Martínez é a arpista máis prestixiosa de España no eido da arpa de levas. Comezou a estudar o instrumento na ETRAD de Vigo no 2005 con Rodrigo Romaní e desde 2008 forma parte da Orquestra Folk de Galicia SonDeSeu. É integrante do cuarteto GHAVETA e tamén do Rodrigo Romaní Trío. Como solista editou co álbum 'Tal como as Nubes' e está a preparar o lanzamento do seu próximo disco.

No Noia Harp Fest, únese en exclusiva á artista sonora e dJ Acacia Ojea, cuxo traballo explora a performance, o movemento e a semiótica sonora. Ojea investiga as linguaxes máis alá do literario, reflectindo sobre valores territoriais como a cartografía, as fronteiras e a identidade desde unha perspectiva sociopolítica. Nos seus proxectos, utiliza elementos como a auga como un mantra que simboliza límites e liberdade simultaneamente.

# 13º NOIA HARP FEST

S O L I S T A S   E   G R U P O S   C O N V I D A D O S



## SIOBHÁN ARMSTRONG

Desde Irlanda, chega Siobhán Armstrong, recoñecida internacionalmente como unha figura clave no renacemento da arpa irlandesa antiga con cordas de metal. É a maior autoridade, a nivel mundial, na interpretación da arpa histórica gaélica. O seu labor foi esencial para que o instrumento fora recoñecido pola UNESCO como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

Fundadora e directora da Historical Harp Society of Ireland, dedicou a súa carreira á recuperación da técnica e o repertorio deste instrumento histórico esquecido durante séculos. De feito, toca unha réplica única da arpa do Trinity College de Dublín, caracterizada por estar tallada nun só bloque de madeira de salgueiro e encordada con fíos de latón e prata. Utiliza as unllas, tal e como describen as fontes históricas do século XVII, para obter o timbre metálico e sostido propio do instrumento.

A súa discografía inclúe traballos como 'Cláirseach na hÉireann', onde explora as raíces da música irlandesa dos séculos XVI ao XVIII. Actualmente é a directora artística do festival Scoil na gCláirseach, o evento anual máis relevante do mundo dedicado á arpa de cordas de metal.

# 13º NOIA HARP FEST

SOLISTAS E GRUPOS CONVIDADOS



## BANDA DO NHF CON SU GARRIDO POMBO

A Banda do Noia Harp Fest é unha agrupación de formación variable que se crea cada ano arredor das arpas. Reúne intérpretes profesionais, estudantes e arpistas amadores para dar forma a repertorios e combinacións instrumentais pensados especificamente para a ocasión.

Nesta 13.<sup>a</sup> edición, marcada pola creación de propostas musicais exclusivas, a Banda do NHF achegarase á obra de Su Garrido Pombo, unha das autoras máis persoais e orixinais da música galega das últimas décadas. O público poderá escoitar unha **nova lectura dalgúns dos seus temas máis coñecidos, interpretados en directo pola propia cantautora, e acompañados por dez arpas. Os arranxos, escritos expresamente para este concerto por Rodrigo Romaní, abrirán un espazo sonoro no que convivirán os recursos acústicos e electrónicos.**

A voz inconfundible de Su, as súas melodías cheas de matices e modulacións, a riqueza das súas harmonías e a forza poética dos seus textos adquirirán así unha nova dimensión musical. O resultado será **unha experiencia singular e envolvente, exclusiva do Noia Harp Fest.**

# 13º NOIA HARP FEST

SOLISTAS E GRUPOS CONVIDADOS



## PARK STICKNEY: GUSTAF, FREDERICK & ISABEL TRIO

Park Stickney (EE.UU., 1969) é un dos arpistas máis influentes do panorama internacional, célebre por revolucionar o papel do instrumento no jazz e na música contemporánea. Formado na Juilliard School e doutorado polo Trinity Laban, é un referente mundial na técnica de pedais e pioneiro da arpa electroacústica. O seu estilo ecléctico fusiona jazz, rock e clásica, o que o levou a actuar por todo o mundo e a impartir clases na Royal Academy of Music de Londres. Actualmente reside en Suíza, onde compaxina a música co seu labor como bombeiro voluntario.

En Noia preséntase co seu trío **Gustaf, Frederick & Isabel**, un proxecto nacido en Suíza no ano 2015. A formación propón un diálogo musical baseado en composicións orixinais onde conviven o saxo tenor de Araxi Karnusian, o baixo de Björn Meyer e a arpa de Stickney, creando unha atmosfera de contrastes que convida ao público a unha viaxe imaxinaria.

# 13º NOIA HARP FEST

S O L I S T A S   E   G R U P O S   C O N V I D A D O S



## MANUEL VILAS E ENTREBEScant

Manuel Vilas é un dos arpistas máis prestixiosos do Estado, recoñecido internacionalmente pola súa especialización en arpas históricas e a recuperación do patrimonio musical ibérico. Nesta cita une forzas con **Entrebescant**, unha formación de música antiga que destaca pola súa rigorosa interpretación de repertorios medievais. Xuntos fusionan a técnica interpretativa de vangarda coa sonoridade auténtica do século XV. O concerto realízase, ademais, no marco de colaboración do festival coa Asociación Española de Arpistas (AEDA).

O aspecto máis excepcional desta actuación será o **uso das réplicas dos instrumentos medievais da Arquivolta da Igrexa de San Martiño**. Estas pezas, que forman parte da identidade cultural de Noia, son copias fidedignas reconstruídas polo festival e o Concello de Noia en 2018 a partir da iconografía do pórtico. Un proxecto que une musicoloxía, investigación e artesanía para facer soar de novo a pedra e converter o patrimonio arquitectónico en música viva nun marco único da man do Noia Harp Fest.

# 13º NOIA HARP FEST

S O L I S T A S   E   G R U P O S   C O N V I D A D O S



## NELETA ORTIZ

Neleta Ortiz é unha arpista profesional afincada na Comunidade Valenciana, recoñecida polo seu labor na divulgación musical, os ciclos de cámara e a investigación de novos repertorios que abranguen desde o clasicismo ata as bandas sonoras. Para o seu concerto no Noia Harp Fest, a intérprete contará coa colaboración do recoñecido cellista Thomas Piel. **A cita está organizada de forma conxunta coa Asociación Española de Arpistas (AEDA).**

O gran atractivo desta proposta é de carácter inédito e cun gran valor académico: **a presentación en primicia dunha obra para arpa e violoncello do prestixioso compositor e director italiano Enrico Mainardi.** Unha interpretación froito dun minucioso traballo de investigación sobre o seu legado que recupera este material histórico para o público actual cunha estética coidada nun marco íntimo.

# 13º NOIA HARP FEST

SOLISTAS E GRUPOS CONVIDADOS



## SONA JOBARTEH

Recoñecida compositora, cantante e instrumentista de orixe gambiana e británica. Sona, nada en 1983, é a **primeira muller solista de kora pertencente a unha das cinco familias principais de griots, rompendo cunha tradición hereditaria de sete séculos**. Formada en música clásica no Royal College of Music de Londres (desde onde lidera proxectos de activismo social e preservación do patrimonio musical africano), destaca pola súa capacidade para fusionar a tradición mandinga co blues e o afropop.

O seu estilo caracterízase por unha **mestura de virtuosismo tradicional e arranxos modernos que expanden os límites da kora**. Colaborou en importantes bandas sonoras cinematográficas, entre elas a da película 'Mandela: Long Walk to Freedom'. O seu álbum 'Fasiya' marcou un fito na música africana contemporánea, acadando recoñecemento internacional pola súa calidade técnica e emotividade. En 2023 foi investida doutora honoris causa pola prestixiosa Berklee College of Music, consolidándose como **unha das artistas máis influentes do continente africano**. Alén da súa faceta artística, Jobarteh fundou a Academia Gambia en 2015, unha institución dedicada a reformar o sistema educativo en África a través da cultura.

# 13º NOIA HARP FEST

## ESCENARIOS DO FESTIVAL



### TEATRO COLISEO NOELA

Un dos recintos culturais máis relevantes da rúa da Estrela. Inaugurouse no 1921. No 1999 o arquitecto Juan Roade rehabilitouno mantendo o seu estilo á italiana e a súa fachada modernista.

[Localización no mapa.](#)



### LICEO DE NOIA

Fronte á Alameda da vila atópase a sede da Sociedade Recreativa Liceo de Noia, entidade que promove e difunde actividades culturais desde 1928.

[Localización no mapa.](#)



### SANTA MARÍA A NOVA

Templo de estilo gótico galego mariñeiro fundado no 1327, é unha das xoias do patrimonio da vila. Xunto co cemiterio foi declarado conxunto histórico artístico no 1973. Hoxe acolle un museo de laudas sepulcrais.

[Localización no mapa.](#)



### IGREXA DE SAN FRANCISCO

Templo de estilo oxival-renacentista. Responde o trazado de planta de cruz latina con brazos do cruceiro onde se albergan capelas con bóvedas de finais do gótico tardío.

[Localización no mapa.](#)

# 13º NOIA HARP FEST

## ESCENARIOS DO FESTIVAL



### CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

Ao claustro do século XVI, que no seu día formou parte do convento, se accede desde o edificio do Concello. Trátase dun claustro de dúas alturas no que se manteñen os arcos carpanais orixinais na planta baixa.

[Localización no mapa.](#)



### PRAZA DO TAPAL

Localizada na parte máis alta da vila, acolle cada verán un dos escenarios do NHF, que se situa xunto á impresionante fachada dun dos edificios máis recoñecibles de Noia: a igrexa gótica de San Martiño.

[Localización no mapa.](#)



O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia é unha iniciativa promovida por Nalgures Producións cuxa dirección artística recae na Asociación Cultural Noia Harp Fest. O evento conta co apoio do Concello de Noia e da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e da iniciativa Concertos do Xacobeo.

Neste 2026 tamén apoian o festival a Sociedade Cultura Recreativa Liceo de Noia, a Asociación Española de Arpistas (AEDA), a Deputación Provincial da Coruña e Acción Cultural Española.

NOIA HARP FEST  
[www.noiaharpfest.gal](http://www.noiaharpfest.gal)

Press kit Noia Harp Fest  
<https://cutt.ly/NHF2026>

CONTACTO DE PRENSA  
Coma Comunicación Creativa  
Lucía Pita · 675 404 321 · [lucia@coma.gal](mailto:lucia@coma.gal)  
Christian Sellés · 639 10 27 42 · [christian@coma.gal](mailto:christian@coma.gal)